



M^a Cristina Andrade González, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA neste Concello, presenta, para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN relativa a arranxos e melloras necesarias nos centros de ensino de competencia municipal, posta en marcha do CEM e convocatoria e resolución de subvencións pendentes.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG leva moitos anos demandando que o goberno municipal acometa as accións de mantemento, conservación e mellora dos centros de ensino de titularidade pública que son de competencia municipal durante o verán, co propósito de non interferir coa actividade dos centros unha vez iniciado o curso.

Non obstante, chegado o comezo dun novo curso escolar atopámonos con que actuacións demandadas polos representantes da comunidade escolar ou as anunciadas por boca do alcalde en varios órganos non se efectivizaron. Poñamos como exemplo a modificación do PAS 2015 aprobada por unanimidade no pleno de maio deste ano para mellora do acceso ao CEP Salustiano Rey Eiras.

Por outra parte, no pleno ordinario de maio de 2016, foi aprobada por unanimidade unha moción do BNG segundo a cal o goberno municipal se comprometía a revisar e actualizar o regulamento existente do Consello Escolar Municipal, así como poñer este en marcha antes de comezar o curso escolar 2016-2017.

Ademais, temos constancia de que están sen resolver as subvencións ás ANPAS correspondentes ao ano 2015 e nin sequera se convocaron as dos anos 2016 e 2017, como sucede con tantas outras, por exemplo as axudas ao transporte.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón á Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1. O goberno municipal informará detalladamente á corporación e executará de inmediato as obras de mantemento, conservación e mellora de competencia municipal comprometidas coas distintas comunidades educativas do concello.
2. O goberno municipal someterá á aprobación do pleno as obras de mantemento, conservación e mellora comprometidas con outras Administracións.
3. O goberno municipal constituirá o CEM antes de que remate o ano 2017.
4. O goberno municipal resolverá con urxencia as subvencións de 2015 ás ANPAS e convocará as de 2016 e 2017 antes de que remate o ano.
5. O goberno municipal convocará e resolverá as axudas ao transporte para estudantes correspondentes aos anos 2015, 2016 e 2017 antes de que remate o ano.

A Pobra do Caramiñal, 8 de setembro de 2017

Asdo.: M^a Cristina Andrade González
Concelleira do GM do BNG-AA da Pobra do Caramiñal